

" Só onde hai vida hai tamén vontade: pero non vontade de vida, senon - así cho ensino eu -- ; vontade de poder!

Moitas cousas ten o vivinte en máis alto aprecio que a vida mesma; pero no apreciar mesmo fala -- ; a vontade de poder!

Isto foi o que noutro momento me ensinou a vida: e con isto resolvovos eu, sapientísimos, incluso o enigma do voso corazón.

En verdade, eu digovos: ; Un ben e un mal que fosen imperecedeiros - non existen ! Por si mesmos deben unha e outra vez superarse a si mesmos.

Cos vosos valores e as vosas palabras do ben e do mal exercedes violencia, valoradores: e ese é o voso oculto amor, e o brillo, e o tremor e o desbordamento da vosa propia alma.

Pero unha violencia máis forte xurde dos vosos valores, e unha nova superación: ao chocar con ela rompanse o ovo e a cáscara.

E quen ten que ser un creador no ben e no mal: en verdade, ese ten que ser antes un aniquilador e quebrantar valores.

Por iso o mal sumo forma parte da bondade suma: mais esta é a bondade creadora.

Falemos disto, sapientísimos, aínda que sexa desagradabel. Calar é peor; todas as verdades silenciadas volvense venenosas.

; E que caiga feito anacos todo o que nas nosas verdades poda caer feito anacos! ; Hai moitas casas que construír aínda ! "

(Friedrich Nietzsche. Así falou Zarathustra)